



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
Dirección Xeral de
Promoción do Emprego

2008-09

ESTUDO DOS AUTÓNOMOS DA CORUÑA



**FEDERACION
DE AUTONOMOS
DE GALICIA**

FEAGA

06/05/2009

1. RÉXIME ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS (RETA)

1.1 CAMPO DE APLICACIÓN

2. SITUACIÓN ACTUAL EN GALICIA.

2.1. MOVEMENTO DOS TRABALLADORES NO 2008

2.2. SITUACIÓN DOS AFILIADOS EN ALTA POR REXÍMENES

2.3. AFILIADOS EN ALTA POR XÉNERO E PROVINCIAS

2.4. AFILIADOS EN ALTA POR SECTORES DE ACTIVIDADE.

2.5. O PERFIL DO AUTÓNOMO.

2.6 OS AUTÓNOMOS EXTRANXEIROS.

2.6.1 EVOLUCIÓN DE AFILIACIÓN MEDIA DE EXTRANXEIROS POR PROVINCIA

2.6.2 AFILIACIÓNS EXTRANXEIROS SEGÚN PROCEDENCIA POR PROVINCIA.

2.6.3. *AFILIACIÓN MEDIAS DO XÉNERO DOS EXTRANXEIROS POR PROVINCIAS*

2.6.4. EXTRANXEIROS EN GALICIA. SECTORES DE ACTIVIDADE.

2.6.5. AFILIADOS MEDIOS EXTRANXEIROS. DISTRIBUIDOS POR RÉXIMEN E PAISES DE PROCEDENCIA.

3. SITUACIÓN ACTUAL EN A CORUÑA

3.1. MOVEMENTO DOS TRABALLADORES NO 2008

3.2. SITUACIÓN DOS AFILIADOS EN ALTA POR REXÍMENES

3.3. AFILIADOS EN ALTA POR XÉNERO

3.4. AFILIADOS EN ALTA POR SECTORES DE ACTIVIDADE.

3.5. OS AUTÓNOMOS EXTRANXEIROS

4. OS AUTÓNOMOS E AS NOVAS TECNOLOXÍAS

5. CONCLUSIÓNS.

1. RÉXIMEN ESPECIAL DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS

1.1. CAMPO DE APLICACIÓN.

Un traballador autónomo ou empresario individual é a persoa física que realiza de forma habitual, persoal e directa a actividade económica a título lucrativo, sen suxeición a contrato de traballo e aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas.

Ao longo deste estudo analizamos as estadísticas publicadas na páxina web da Seguridade Social (<http://www.seg-social.es>) centrándonos no Réxime Especial dos Autónomos e facendo tamén referencia ao Réxime Especial para traballadores por Conta Propia Agrarios, debido os cambios xerados pola Lei 18/2007 que supón un incremento no “número de altas” de 49.229 Afiliados do Réximen especial de autónomos no mes de xaneiro do 2008. Salientamos os datos principalmente da Provincia da Coruña, aínda que en todo o estudio traballamos coas estadísticas da comunidade Autónoma de Galicia, desglosando en moitas ocasións os datos por provincias.

Aos efectos deste Réxime Especial, entenderase como traballador por conta propia ou autónomo, aquel que realiza de forma habitual, persoal e directa unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a contrato de traballo e aínda que utilice o servizo remunerado doutras persoas, sexa ou non titular de empresa individual ou familiar.

Presumirase, salvo proba do contrario, que no interesado concorre a condición de traballador por conta propia ou autónomo se o mesmo ostenta a titularidade dun establecemento aberto ao público como propietario, arrendatario, usufructuario ou utro concepto análogo.

Pola Lei 18/2007, do 4 de xullo establécese, dentro do Réxime Especial dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos, e con efectos dende 1 de xaneiro de 2008, o Sistema Especial para Traballadores por Conta Propia Agrarios, no que quedarán incluídos os traballadores por conta propia agrarios, maiores de 18 anos, que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser titulares dunha explotación agraria e obter, polo menos, o 50 por 100 da súa renda total da realización de actividades agrarias ou outras complementarias, sempre que a parte de renda procedente directamente da actividade agraria realizada na súa explotación non sexa inferior ao 25 por 100 da súa renda total e o tempo de traballo dedicado a actividades agrarias ou complementarias destas, sexa superior á metade do seu tempo de traballo total.

- Que os rendementos anuais netos obtidos da explotación agraria por cada titular non superen a contía equivalente ao 75 por 100 do importe, en cómputo anual, da base máxima de cotización establecida en cada momento no Réxime Xeral da Seguridade Social.

- A realización de labores agrarios de forma persoal e directa en tales explotacións agrarias, aínda cando ocupen traballadores por conta allea, sempre que non se trate de máis de dous traballadores fixos ou, de tratarse de traballadores con contrato de traballo de duración determinada, que o número total de xornais satisfeitos aos eventuais agrarios non supere os 546 nun ano, computado de data a data.

No caso de non cumprir estes requisitos formarán parte do Réxime Especial Agrario. Quedarán incluídos os traballadores maiores de dezaseis anos que realicen labores agrarios con carácter retribuído por conta allea, dentro do ámbito de organización e dirección outra persoa física ou xurídica.

Expresamente quedan incluídos:

- Os Pastores, Gardas Rurais e de coutos de caza pesca que teñan ao seu cargo a custodia de gando ou a vixilancia de explotacións agrarias dun ou varios propietarios.
- Traballadores ocupados en faenas de rego e en labores de limpeza, monda e roza de canles, brazais, cando estes traballos non teñan outro fin que o de aproveitamento das augas para uso exclusivo das explotacións agropecuarias.
- Os traballadores que, como elementos auxiliares, presten servizos non propiamente agrícolas, forestais ou pecuarios de forma habitual e con remuneración permanente en explotacións agrarias. Terán este carácter os técnicos, administrativos, mecánicos, condutores de vehículos e maquinaria e calquera outros profesionais que desempeñen o seu labor na explotación.

Exclusións:

Os mecánicos e condutores de vehículos e maquinaria os propietarios da cal arrenden os seus servizos para labores agropecuarios, sen ser titulares dunha explotación ou cando séndoo non os utilicen nesta.


Os operarios que traballen directamente por conta das Empresas a actividade das cales é a de aplicacións fitopatolóxicas.

O cónxuxe, descendentes, ascendentes e demais parentes do empresario por consanguinidade ou afinidade ata o terceiro grao inclusive, ocupados na súa explotación agraria cando convivan no seu fogar e estean ao seu cargo, a non ser que se demostre a súa condición de asalariados, sen prexuízo de que poidan ter a consideración de traballadores por conta propia.

2. SITUACIÓN ACTUAL EN GALICIA

O número total de traballadores afiliados a Seguridade Social rematado o mes de decembro de 2008 era de 1.054.681 traballadores. O 22,1 % dos traballadores de Galicia son Traballadores afiliados ao Réximen Especial dos Autónomos, un 0,4 % do Réximen Especial Agrario, fronte ao Réximen Xeral que presenta unha maioría dun 73,1%.

% AFILIADOS POR RÉXIMEN EN GALICIA



A crise financeira e a contración do consumo asfixia aos traballadores por conta propia, 28.639 traballadores deronse de baixa como afiliados no RETA desde febreiro do ano 2008 e só uns 23.986 traballadores se afiliaron, esta situación deixanos **4.653** traballadores menos afiliados do **Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA)** da Seguridade Social durante o ano 2008. A redución máis drástica produciuse durante o mes de outubro, no que un total de 1.022 galegos deixaron de cotizar nese réxime especial, e aínda que en decembro o número de afiliados baixou 890 traballadores, unha caída menos rechamante, o resumo do ano situa as baixas na Seguridade Social ao fío dos 5.000 traballadores.

2.1. MOVEMENTOS DOS TRABALLADORES

http://www1.seg-social.es/stpri01/idcplg?IdcService=SS_GET_PAGE&nodeld=11&ESTILO=1

| DIRECCIÓN PROVINCIAIS | RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS | | | | RÉXIMEN E. AGRARIO | | | |
|--------------------------|----------------------------|--------------|--------------|----------------------|----------------------------|------------|------------|----------------------|
| | Situación fin mes anterior | Altas | Baixas | Situación fin de mes | Situación fin mes anterior | Altas | Baixas | Situación fin de mes |
| MARZO 2009 | | | | | | | | |
| A Coruña | 91.916 | 799 | 936 | 91.779 | 1.341 | 53 | 52 | 1.342 |
| Lugo | 40.328 | 284 | 348 | 40.264 | 1.373 | 88 | 71 | 1.390 |
| Ourense | 27.864 | 287 | 331 | 27.820 | 350 | 46 | 37 | 359 |
| Pontevedra | 70.831 | 712 | 913 | 70.630 | 1.300 | 70 | 104 | 1.266 |
| GALICIA | 230.939 | 2.082 | 2.528 | 230.493 | 4.364 | 257 | 264 | 4.357 |
| FEBREIRO 2009 | | | | | | | | |
| A Coruña | 92.169 | 791 | 1.044 | 91.916 | 1.325 | 90 | 74 | 1.341 |
| Lugo | 40.461 | 242 | 375 | 40.328 | 1.390 | 63 | 80 | 1.373 |
| Ourense | 27.908 | 268 | 312 | 27.864 | 342 | 45 | 37 | 350 |
| Pontevedra | 71.152 | 703 | 1.024 | 70.831 | 1.291 | 88 | 79 | 1.300 |
| GALICIA | 231.690 | 2.004 | 2.755 | 230.939 | 4.348 | 286 | 270 | 4.364 |
| XANEIRO 2009 | | | | | | | | |
| A Coruña | 92.772 | 785 | 1.388 | 92.169 | 1.322 | 65 | 62 | 1.325 |
| Lugo | 40.648 | 240 | 427 | 40.461 | 1.405 | 67 | 82 | 1.390 |
| Ourense | 28.082 | 205 | 379 | 27.908 | 344 | 19 | 21 | 342 |
| Pontevedra | 71.711 | 619 | 1.178 | 71.152 | 1.293 | 68 | 70 | 1.291 |
| GALICIA | 233.213 | 1.849 | 3.372 | 231.690 | 4.364 | 219 | 235 | 4.348 |

MOVEMENTOS DOS TRABALLADORES NO 2008


| DIRECCIÓN PROVINCIAIS | RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS | | | | RÉXIMEN E. AGRARIO | | | |
|--------------------------|----------------------------------|--------------|--------------|-------------------------|----------------------------------|--------------|--------------|-------------------------|
| | Situación fin mes anterior | Altas | Baixas | Situación fin de mes | Situación fin mes anterior | Altas | Baixas | Situación fin de mes |
| DECEMBRO 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 93.135 | 557 | 920 | 92.772 | 1.325 | 47 | 50 | 1.322 |
| Lugo | 40.787 | 170 | 309 | 40.648 | 1.443 | 47 | 85 | 1.405 |
| Ourense | 28.216 | 155 | 289 | 28.082 | 352 | 22 | 30 | 344 |
| Pontevedra | 71.965 | 548 | 802 | 71.711 | 1.271 | 77 | 55 | 1.293 |
| GALICIA | 234.103 | 1.430 | 2.320 | 233.213 | 4.391 | 193 | 220 | 4.364 |
| NOVEMBRO 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 93.320 | 760 | 945 | 93.135 | 1.370 | 49 | 94 | 1.325 |
| Lugo | 40.930 | 226 | 369 | 40.787 | 1.448 | 89 | 94 | 1.443 |
| Ourense | 28.294 | 202 | 280 | 28.216 | 403 | 28 | 79 | 352 |
| Pontevedra | 72.168 | 691 | 894 | 71.965 | 1.454 | 85 | 268 | 1.271 |
| GALICIA | 234.712 | 1.879 | 2.488 | 234.103 | 4.675 | 251 | 535 | 4.391 |
| OUTUBRO 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 93.603 | 937 | 1.220 | 93.320 | 1.373 | 118 | 121 | 1.370 |
| Lugo | 41.141 | 285 | 496 | 40.930 | 1.437 | 132 | 121 | 1.448 |
| Ourense | 28.384 | 275 | 365 | 28.294 | 438 | 152 | 187 | 403 |
| Pontevedra | 72.606 | 843 | 1.281 | 72.168 | 1.861 | 227 | 634 | 1.454 |
| GALICIA | 235.734 | 2.340 | 3.362 | 234.712 | 5.109 | 629 | 1.063 | 4.675 |
| SETEMBRO 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 93.905 | 721 | 1.023 | 93.603 | 1.362 | 95 | 84 | 1.373 |
| Lugo | 41.274 | 230 | 363 | 41.141 | 1.430 | 94 | 87 | 1.437 |
| Ourense | 28.481 | 249 | 346 | 28.384 | 333 | 133 | 28 | 438 |
| Pontevedra | 72.873 | 759 | 1.026 | 72.606 | 1.216 | 782 | 137 | 1.861 |
| GALICIA | 236.533 | 1.959 | 2.758 | 235.734 | 4.341 | 1.104 | 336 | 5.109 |
| AGOSTO 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 94.160 | 606 | 861 | 93.905 | 1.351 | 52 | 41 | 1.362 |
| Lugo | 41.428 | 177 | 331 | 41.274 | 1.445 | 56 | 71 | 1.430 |
| Ourense | 28.527 | 161 | 207 | 28.481 | 335 | 23 | 25 | 333 |
| Pontevedra | 72.968 | 579 | 674 | 72.873 | 1.228 | 60 | 72 | 1.216 |
| GALICIA | 237.083 | 1.523 | 2.073 | 236.533 | 4.359 | 191 | 209 | 4.341 |
| XULLO 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 94.160 | 1.085 | 1.085 | 94.160 | 1.342 | 91 | 82 | 1.351 |
| Lugo | 41.480 | 417 | 469 | 41.428 | 1.442 | 93 | 90 | 1.445 |
| Ourense | 28.575 | 312 | 360 | 28.527 | 351 | 32 | 48 | 335 |
| Pontevedra | 72.833 | 1.087 | 952 | 72.968 | 1.223 | 83 | 78 | 1.228 |
| GALICIA | 237.048 | 2.901 | 2.866 | 237.083 | 4.358 | 299 | 298 | 4.359 |

| DIRECCIÓN PROVINCIAIS | RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS | | | | RÉXIMEN E. AGRARIO | | | |
|--------------------------|----------------------------------|---------------|--------------|-------------------------|----------------------------------|------------|------------|-------------------------|
| | Situación fin mes anterior | Altas | Baixas | Situación fin de mes | Situación fin mes anterior | Altas | Baixas | Situación fin de mes |
| XUÑO 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 94.309 | 861 | 1.010 | 94.160 | 1.361 | 63 | 82 | 1.342 |
| Lugo | 41.654 | 281 | 455 | 41.480 | 1.452 | 74 | 84 | 1.442 |
| Ourense | 28.621 | 249 | 295 | 28.575 | 377 | 24 | 50 | 351 |
| Pontevedra | 72.869 | 821 | 857 | 72.833 | 1.237 | 61 | 75 | 1.223 |
| GALICIA | 237.453 | 2.212 | 2.617 | 237.048 | 4.427 | 222 | 291 | 4.358 |
| MAIO 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 94.293 | 921 | 905 | 94.309 | 1.349 | 84 | 72 | 1.361 |
| Lugo | 41.721 | 290 | 357 | 41.654 | 1.446 | 104 | 98 | 1.452 |
| Ourense | 28.638 | 272 | 289 | 28.621 | 379 | 37 | 39 | 377 |
| Pontevedra | 72.856 | 789 | 776 | 72.869 | 1.230 | 93 | 86 | 1.237 |
| GALICIA | 237.508 | 2.272 | 2.327 | 237.453 | 4.404 | 318 | 295 | 4.427 |
| ABRIL 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 94.428 | 1.068 | 1.203 | 94.293 | 1.344 | 84 | 79 | 1.349 |
| Lugo | 41.929 | 372 | 580 | 41.721 | 1.435 | 99 | 88 | 1.446 |
| Ourense | 28.725 | 290 | 377 | 28.638 | 382 | 38 | 41 | 379 |
| Pontevedra | 72.975 | 841 | 960 | 72.856 | 1.238 | 71 | 79 | 1.230 |
| GALICIA | 238.057 | 2.571 | 3.120 | 237.508 | 4.399 | 292 | 287 | 4.404 |
| MARZO 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 94.322 | 938 | 832 | 94.428 | 1.351 | 53 | 60 | 1.344 |
| Lugo | 41.981 | 321 | 373 | 41.929 | 1.435 | 61 | 61 | 1.435 |
| Ourense | 28.732 | 264 | 271 | 28.725 | 386 | 33 | 37 | 382 |
| Pontevedra | 72.905 | 830 | 760 | 72.975 | 1.241 | 63 | 66 | 1.238 |
| GALICIA | 237.940 | 2.353 | 2.236 | 238.057 | 4.413 | 210 | 224 | 4.399 |
| FEBREIRO 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 94.198 | 1.032 | 908 | 94.322 | 1.326 | 115 | 90 | 1.351 |
| Lugo | 41.968 | 367 | 354 | 41.981 | 1.437 | 87 | 89 | 1.435 |
| Ourense | 28.739 | 267 | 274 | 28.732 | 414 | 29 | 57 | 386 |
| Pontevedra | 72.961 | 880 | 936 | 72.905 | 1.244 | 67 | 70 | 1.241 |
| GALICIA | 237.866 | 2.546 | 2.472 | 237.940 | 4.421 | 298 | 306 | 4.413 |
| XANEIRO 2008 | | | | | | | | |
| A Coruña | 77.804 | 17.774 | 1.380 | 94.198 | 1.334 | 63 | 71 | 1.326 |
| Lugo | 24.139 | 18.302 | 473 | 41.968 | 1.395 | 119 | 77 | 1.437 |
| Ourense | 24.344 | 4.795 | 400 | 28.739 | 415 | 32 | 33 | 414 |
| Pontevedra | 65.800 | 8.358 | 1.197 | 72.961 | 1.258 | 92 | 106 | 1.244 |
| GALICIA | 192.087 | 49.229 | 3.450 | 237.866 | 4.402 | 306 | 287 | 4.421 |

A entrada en Vigor da Lei 18/2007 a principios do ano 2008 afectou a Comunidade Autónoma de Galicia de forma diferente para cada unha das súas provincias. Sen dúbida onde mais se notou a creación do Sistema Especial de traballadores autónomos (SETA) foi nas provincias de A Coruña e Lugo. Na tabóla anterior vemos o número de altas que se rexistraron por provincia no mes de xaneiro, a gran maioría desas altas son de traballadores agrarios por conta propia pertencentes o Reximen Especial Agrario (REA) que pasan a integrarse no Reximen Especial de traballadores Autónomos (RETA). En total o número de Afiliados o Reximen Especial de Autónomos en Galicia ascendeu a 49.229, mellorando así as condicións para todos aqueles traballadores que viñan do REA, podendo beneficiarse das vantaxes dos afiliados que ata o momento disfrutaban os do Réxime Especial Autónomo.

Como se pode observar na tabóla anterior, a principios do ano 2008, quedaron no Réxime Especial agrario 4.421 traballadores afiliados, son os traballadores do Réxime Agrario que non cumpren as condicións para poder integrarse no Réxime Especial de Autónomos SETA. Actualmente en Marzo de 2009 contabilízanse 4.357 traballadores afiliados o REA. (Réxime Especial Agrario)


TRABALLADORES POR CONTA PROPIA NO 2008



Galicia empezou o ano 2008 cun total de 237.866 traballadores por conta propia afiliados á Seguridade Social, unha cifra que se reduciu ao longo do ano, e sobre todo a partir do verán, ata chegar aos 233.213 que constaban no RETA a 30 de decembro. Outubro xa foi un mal mes para a economía dos hostaleiros e comerciantes -os sectores máis abundantes entre os autónomos galegos- e moitos interromperon a súa actividade e causaron baixa na Seguridade Social.

Un total de 3.362 empregados por conta propia déronse de baixa da Seguridade Social no mes de outubro e o censo total reduciuse ata os 234.712 traballadores. Cifra que segue diminuindo ata **cerrar o ano 2008 con 233.213 traballadores** afiliados o RETA. A situación a finais do mes de decembro o número de autónomos de cada provincia era o seguinte:

AUTÓNOMOS EN GALICIA 2008




Se comparamos o xaneiro do 2008 (237.866 autónomos) co decembro (233.213 autónomos) vemos como o número de afiliados o Réximen Especial de Autónomos descendeu en 4.653 traballadores

No que vai de ano 2009 as estadísticas da Seguridade Social amosan unha perda de 1.197 afiliacións de traballadores autónomos no primeiro trimestre, que sumando as baixas do 2008 son un total del 5.850 afiliadores menos desde principios de xaneiro del 2008.

A finais do mes de marzo contamos con **1.033.484 traballadores afiliados a Seguridade Social en toda a Comunidade Autónoma de Galicia, dos cales 230.493 traballadores pertencen o Réxime especial de Traballadores Autónomos.** En Pontevedra contamos con 70.700 traballadores Autónomos un 18% Non SETA e un 1,8% SETA, do total dos traballadores, que a súa vez dan postos de traballo a 2 ou 3 traballadores do Réximen Xeneral.

Autónomos Galicia Marzo 2009



2.2. SITUACIÓN DE AFILIADOS EN ALTA POR REXÍMENES


Media Anual 2008

| Direccions Provinciais | Régimen xeneral | Régimen Especial Autónomos (*) | Régimen Especial Agrario | Régimen Especial do Mar | | Régimen Esp. Minería Carbón | Régimen Esp. Emplead. fogar | | TOTAL SISTEMA |
|------------------------|-----------------|--------------------------------|--------------------------|-------------------------|---------------|-----------------------------|-----------------------------|--------------|------------------|
| | | | | Cta. Ajena | Cta. Propia | | Conti-nuos | Discont | |
| A Coruña | 337.442 | 93.977 | 1.354 | 3.703 | 3.189 | 41 | 5.525 | 2.880 | 448.111 |
| Lugo | 85.837 | 41.464 | 1.441 | 1.788 | 269 | 0 | 1.319 | 1.509 | 133.625 |
| Ourense | 80.072 | 28.531 | 377 | 0 | 0 | 0 | 1.423 | 1.473 | 111.876 |
| Pontevedra | 287.397 | 72.697 | 1.308 | 8.893 | 7.721 | 0 | 4.065 | 2.224 | 384.306 |
| GALICIA | 790.747 | 236.669 | 4.480 | 14.385 | 11.178 | 41 | 12.332 | 8.086 | 1.077.918 |

Media Marzo 2009


| DIRECCIONS | Régimen Xeneral | Régimen Especial (*) Traballadores Autónomos | | Régimen Especial Agrario | Régimen Especial do Mar | | Régimen Esp. Minería Carbón | Régimen Esp. Emplead. Fogar | | TOTAL SISTEMA |
|----------------|-------------------|---|------------------|--------------------------|-------------------------|------------------|-----------------------------|-----------------------------|-----------------|---------------------|
| | | No SETA | SETA | | Cta. Ajena | Cta. Propia | | Continuos | Discont | |
| A Coruña | 325.163,13 | 76.978,95 | 14.880,95 | 1.351,36 | 3.802,90 | 3.103,00 | 19,00 | 5.673,27 | 2.952,36 | 433.924,95 |
| Lugo | 82.380,77 | 24.205,59 | 16.078,63 | 1.386,27 | 1.686,86 | 257,72 | 0,00 | 1.317,22 | 1.566,04 | 128.879,13 |
| Ourense | 76.819,95 | 24.071,68 | 3.764,81 | 360,50 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 1.494,86 | 1.488,59 | 108.000,40 |
| Pontevedra | 266.573,31 | 64.306,68 | 6.393,27 | 1.294,59 | 8.501,72 | 7.636,95 | 0,00 | 4.119,27 | 2.240,68 | 361.066,50 |
| GALICIA | 750.937,18 | 189.562,90 | 41.117,68 | 4.392,72 | 13.991,50 | 10.997,68 | 19,00 | 12.604,63 | 8.247,68 | 1.031.871,00 |

Media Anual 2008 GALICIA



Marzo 2009


Régimen Especial Traballadores Autónomos Galicia




2.3. AFILIACIONES EN ALTA POR XÉNERO E PROVINCIAS

| | RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS S. NORMAL | | | RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS S.E.T.A. | | |
|----------------|-----------------------------------|---------------|----------------|----------------------------------|---------------|---------------|
| | VARONS | MULLERES | TOTAIS | VARONS | MULLERES | TOTAIS |
| La Coruña | 47.472 | 29.435 | 76.907 | 4.798 | 10.074 | 14.872 |
| Lugo | 15.618 | 8.580 | 24.198 | 6.744 | 9.322 | 16.066 |
| Orense | 15.696 | 8.357 | 24.053 | 1.104 | 2.663 | 3.767 |
| Pontevedra | 39.971 | 24.277 | 64.248 | 1.828 | 4.554 | 6.382 |
| GALICIA | 118.757 | 70.649 | 189.406 | 14.474 | 26.613 | 41.087 |

Autónomos S. Normal Galicia



Autónomos S.E.T.A Galicia



2.4. AFILIACIÓN EN ALTA POR SECTORES DE ACTIVIDADE


RÉXIMEN E. AUTÓNOMOS

Ultimo día Marzo 2009

| | Agric., Gana. Silv. e Pesca A | Ind. Extractivas B | Ind. Manufact. C | Suminis. Enerxía D | Suminis. auga, resid. E | Construción F | Comer. Rep. Vehículos G | Transptes. Almacena. H | Hosta laría I | Informac. Comunicac. J |
|----------------|--|---------------------------------|-------------------------------|---------------------------------|---|-------------------------|---|-------------------------------------|----------------------------|-------------------------------------|
| A Coruña | 16.167 | 32 | 5.842 | 22 | 49 | 13.287 | 21.222 | 4.675 | 10.547 | 821 |
| Lugo | 17.075 | 44 | 1.981 | 10 | 11 | 4.347 | 6.713 | 2.056 | 3.048 | 119 |
| Ourense | 4.781 | 100 | 2.395 | 5 | 24 | 5.036 | 6.390 | 1.340 | 3.045 | 140 |
| Pontevedra | 7.413 | 172 | 5.197 | 16 | 54 | 10.966 | 19.584 | 4.178 | 7.789 | 629 |
| GALICIA | 45.436 | 348 | 15.415 | 53 | 138 | 33.636 | 53.909 | 12.249 | 24.429 | 1.709 |


| | Act. Financ. y Seguros K | Act. Inmobi- liarias L | Actv .Prof. Cient. Téc. M | Actv .Admt. Serv.Auxil. N | Admón Púb. Defen., S.S. O | Educa ción P | Actv .Sanit. Serv.Sociales Q | Actv .Artis. Rec.y Entr. R | Outros Servicios S | Fogares P. Domést. T | Total |
|----------------|---|--|--|--|--|---------------------------|---|---|---------------------------------|--------------------------------------|----------------|
| A Coruña | 1.385 | 649 | 4.780 | 2.401 | 4 | 1.518 | 1.944 | 1.042 | 5.390 | 2 | 91.779 |
| Lugo | 442 | 118 | 1.197 | 545 | 1 | 369 | 464 | 231 | 1.492 | 1 | 40.264 |
| Ourense | 428 | 84 | 946 | 400 | 12 | 377 | 409 | 232 | 1.676 | 0 | 27.820 |
| Pontevedra | 1.234 | 512 | 3.508 | 1.852 | 4 | 1.147 | 1.428 | 765 | 4.180 | 2 | 70.630 |
| GALICIA | 3.489 | 1.363 | 10.431 | 5.198 | 21 | 3.411 | 4.245 | 2.270 | 12.738 | 5 | 230.493 |

Sectores de actividad Réxime E. Traballadores Autónomos Galicia




2.5 O PERFIL DO AUTÓNOMO.

A crise non variou o perfil do autónomo galego, que fundamentalmente é un home de entre 40 e 54 anos, desenvolve a súa actividade no sector servizos, non ten traballadores ao seu cargo e cotiza pola base mínima. A crenza de que en tempos de crises, o autoemprego medra en detrimento do traballo asalariado que diminúe, só se concreta no número de negocios abertos no último ano: só o 3,7% dos autoempleados teñen un negocio cunha antigüidade inferior a seis meses (en xaneiro eran o 13,2%), mentres que os que o abriron fai entre seis e once meses constitúen o 28,1%, cando en xaneiro eran só un 3,6%.




No outro lado da balanza están os autónomos antigos, que optaron por adiantar o peche dos seus negocios ou a idade de xubilación ante unha realidade difícil: Dos 192.087 autónomos "propiamente ditos" que Galicia tiña a 31 de decembro de 2007, 120.190 (o 62,6%) mantiñan o seu negocio desde facía mais de cinco anos. Nove meses máis tarde, a cifra experimenta un descenso de 38.343 afiliacións e quen rexentan os negocios mais lonxevos son só o 42,6% dos autoempregos de Galicia.



2.6. OS AUTÓNOMOS EXTRANXEIROS

Neste apartado centrámonos nun estudo [MTIN - Afiliados extranxeiros por CC.AA., sectores e países de procedencia. xaneiro 2009](#) publicado na páxina web da *Seguridade Social*.



Galicia mantéñese como a oitava comunidade autónoma do Estado con menos traballadores autónomos estranxeiros rexistrados, ao representar un 2,14 por cento das altas contabilizadas polo mesmo colectivo no conxunto de España

Destacamos os datos das comunidades autónomas cunha taxa inferior a de Galicia: Extremadura (0,67 por cento), Cantabria (0,67 por cento), Asturias (0,80 por cento), A Rioja, (0,90 por cento) e Navarra (1,48 por cento) contan cunha proporción inferior á da comunidade galega en canto ao menor peso dos autónomos estranxeiros –no caso das cidades autónomas de Ceuta e Melilla, rexistran un 0,2 por cento de autónomos estranxeiros.

A pesar de que entre xaneiro 2007-2008 o número de autónomos estranxeiros, aumentou en 6.745, un 20,0% , a situación actualmente e moi diferente. Se comparamos o xaneiro 2008-2009, o resultado e dun -0,8 % cunha diferenza absoluta de -319 traballadores extranxeiros afiliados a Seguridade Social no 2009 menos que a principios do ano 2008.

2.6.1. EVOLUCIÓN DE AFILIACIÓN MEDIA DE EXTRANXEIROS POR PROVINCIA

A variación de extranxeiros na comunidades de Galicia nos últimos 3 anos, vese reflexada na seguinte táboa. A variación foi positiva desde o ano 2007 ata chegar o 2008-2009 na que podemos apreciar un **-0,8 %**. Dos 40.534 autónomos afiliados no mes de xaneiro do 2008 perdense 319 afiliacións se reparamos no xaneiro do presente ano 2009.


| | <i>Xaneiro-07</i> | <i>Xaneiro-08</i> | <i>Variación 07/08</i> | | <i>Xaneiro-09</i> | <i>Variación 08/09</i> | |
|-------------------|-------------------|-------------------|------------------------|--------------|-------------------|------------------------|--------------|
| | | | <i>Absoluta</i> | <i>En %</i> | | <i>Absoluta</i> | <i>En %</i> |
| A Coruña | 11.190 | 13.403 | 2.213 | 19.8% | 13.735 | 332 | 2,5% |
| Lugo | 4.407 | 5.676 | 1.269 | 28.8% | 5.845 | 169 | 3.0% |
| Ourense | 3.991 | 4.738 | 747 | 18.7% | 4.835 | 97 | 2,1% |
| Pontevedra | 14.201 | 16.717 | 2.516 | 17.7% | 15.800 | -917 | -5,5% |
| GALICIA | 33.789 | 40.534 | 6.745 | 20.0% | 40.215 | -319 | -0,8% |

Galicia contaba con **1.035.207** traballadores afiliados a Seguridade Social a **principios do 2009**, dos cales uns 40.215 son Traballadores extranxeiros, uns 3,88 % dos traballadores totais.

O número de traballadores empregados por conta propia e de **232.112** (un 22,44% dos traballadores totais de Galicia) dos cales **4.862** son traballadores autónomos extranxeiros, un 2,09 % .

| | <i>R. XENERAL</i> | <i>AUTÓNOMOS</i> | <i>AGRARIO</i> | <i>TRAB. MAR</i> | <i>MINERIA CARBÓN</i> | <i>FOGAR</i> | <i>TOTAL</i> |
|-------------------|-------------------|------------------|----------------|------------------|-----------------------|--------------|---------------|
| A Coruña | 9.240 | 1.666 | 267 | 422 | 0 | 2.140 | 13.735 |
| Lugo | 3.769 | 526 | 641 | 434 | 0 | 474 | 5.845 |
| Ourense | 3.591 | 652 | 143 | 0 | 0 | 449 | 4.835 |
| Pontevedra | 11.358 | 2.017 | 276 | 678 | 0 | 1.471 | 15.800 |
| GALICIA | 27.958 | 4.862 | 1.327 | 1.534 | 0 | 4.534 | 40.215 |

Traballadores Autónomos




2.6.2 AFILIACIÓN EXTRANXEIROS SEGÚN PROCEDENCIA POR PROVINCIA.

Xaneiro 2009

| Direccións PROVINCIAIS | RÉXIMEN ESP TRAB. AUTÓNOMOS | | |
|---------------------------|-----------------------------|---------------------|--------------|
| | UNIÓN EUROPEA | NO UNIÓN EUROPEA | TOTAL |
| A Coruña | 662 | 1.004 | 1.666 |
| Lugo | 243 | 284 | 527 |
| Ourense | 422 | 231 | 653 |
| Pontevedra | 1060 | 957 | 2017 |
| GALICIA | 2.386 | 2.476 | 4.863 |


Afiliados extranxeiros



2.6.3 AFILIACIÓN MEDIAS DO XÉNERO DOS EXTRANXEIROS POR PROVINCIAS

| DIRECCIÓN PROVINCIAIS | Xaneiro de 2009 RÉXIMEN E. AUTÓNOMOS | |
|--------------------------|---|-----------------|
| | Homes | Mulleres |
| A Coruña | 998,05 | 668,20 |
| Lugo | 307,80 | 218,45 |
| Ourense | 454,45 | 197,65 |
| Pontevedra | 1,294,85 | 722,35 |
| GALICIA | 3.055,15 | 1.806,65 |

Media de Autónomos Extranxeiros



http://www1.seg-social.es/stpri01/idcplg?IdcService=SS_GET_PAGE&nodeId=301&ESTILO=1

2.6.4. AFILIADOS EXTRANXEIROS EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN POR SECTORES DE ACTIVIDADE

Media FEBREIRO 2009

| SECTORES | RÉXIMEN ESP TRAB. AUTÓNOMOS | | | |
|---|-----------------------------|------------------|--------------|---------------|
| | UNIÓN EUROPEA | NO UNIÓN EUROPEA | TOTAL | %REG AUTON. |
| AGRICULTURA, GANDEIRIA, CAZA Y SELVICULTURA Y PESCA | 119 | 24 | 153 | 3,18% |
| INDUSTRIAS EXTRACTIVAS | 6 | 1 | 7 | 0.14% |
| INDUSTRIA MANUFACTUREIRA | 154 | 78 | 232 | 4,83% |
| SUMINISTRO ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO | 0 | 0 | 0 | 0 |
| SUMINISTRO DE AUGA, ACTIVIDADES SANEAMENTO, RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN | 3 | 2 | 5 | 0.10% |
| CONSTRUCCIÓN | 627 | 250 | 877 | 18,27% |
| COMERCIO, REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E BICICLETAS | 516 | 1.019 | 1.534 | 31.97% |
| TRANSPORTE, ALMACENAMIENTO | 55 | 63 | 118 | 2.46% |
| HOSTALERÍA | 361 | 562 | 923 | 19,24% |
| INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN | 25 | 27 | 52 | 1.08% |
| ACTIVIDADES FINANCIERAS E DE SEGUROS | 11 | 16 | 26 | 0.53% |
| ACTIV. INMOBILIARIAS E DE ALQUILER SERV. EMPRES | 18 | 5 | 23 | 0.48% |
| ACTIVIDADES PROFESIONAIS CIENTIFICAS E TECNICAS | 103 | 44 | 147 | 3,06% |
| ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVICIOS AUXILIARES | 93 | 84 | 177 | 3,69% |
| ADMON. PÚBLICA DEFENSA E S. SOCIAL OBRIGATORIA | 0 | 0 | 0 | 0% |
| EDUCACIÓN | 126 | 38 | 163 | 3,40% |
| ACTIVIDADES SANITARIAS E SERVICIOS CENTRALES | 41 | 71 | 112 | 2,33% |
| ACTIVIDADES ARTISTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMIENTO | 31 | 38 | 69 | 1,43% |
| OUTROS SERVICIOS | 59 | 124 | 182 | 3,79% |
| FOGARES QUE EMPLEAN PERSOAL DOMÉSTICO | 0 | 0 | 0 | 0% |
| ORGANISMOS EXTRATERRITORIAIS | 0 | 0 | 0 | 0% |
| TOTAL | 2.346 | 2.453 | 4.800 | 100% |

http://www.tt.mtas.es/periodico/seguridadsocial/200902/afiliados_extranjeros_media_enero_2009.pdf


2.6.5. AFILIADOS MEDIOS EXTRANXEIROS EN GALICIA. DISTRIBUCIÓN POR REXIMÉN E PAÍSES DE PROCEDENCIA

| PAISES | Media XANEIRO 2009 | | |
|----------------------------|--------------------|---------------|-----------------|
| | AUTÓNOMOS | AGRARIO | TOTAL REGÍMENES |
| UNIÓN EUROPEA | | | |
| ALEMANIA | 97 | 2 | 360 |
| AUSTRIA | 1 | | 16 |
| BELXICA | 25 | | 71 |
| BULGARIA | 18 | 22 | 312 |
| DINAMARCA | 4 | | 18 |
| ESLOVAQUIA | 2 | | 21 |
| ESLOVENIA | 1 | | 12 |
| ESTONIA | 1 | | 10 |
| FINLANDIA | 1 | | 14 |
| FRANCIA | 119 | 5 | 605 |
| GRECIA | 2 | | 22 |
| HUNGRIA | 3 | 1 | 23 |
| IRLANDA | 23 | | 89 |
| ITALIA | 268 | 2 | 1.088 |
| LETONIA | 1 | | 12 |
| LITUANIA | 5 | 2 | 49 |
| PAISES BAIXOS | 31 | | 100 |
| POLONIA | 114 | 10 | 227 |
| PORTUGAL | 1.300 | 305 | 11.070 |
| REINO UNIDO | 166 | 2 | 483 |
| REPUBLICA CHECA | 2 | 1 | 35 |
| RUMANIA | 254 | 353 | 2.106 |
| SUECIA | 9 | | 27 |
| TOTAL UNIÓN EUROPEA | 2.346 | 704 | 16.770 |
| NO UNIÓN EUROPEA | | | |
| COLOMBIA | 229 | 67 | 3.439 |
| BRASIL | 243 | 24 | 2.389 |
| PERÚ | 51 | 81 | 1.942 |
| MARROCOS | 216 | 2 | 1.973 |
| ARXENTINA | 272 | 5 | 1.660 |
| URUGUAY | 155 | 8 | 1.540 |
| DOMINICANA (REPUBLICA) | 56 | 28 | 1.435 |
| VENEZUELA | 152 | 6 | 1.135 |
| CHINA | 516 | 4 | 1.058 |
| CUBA | 75 | 14 | 915 |
| RESTO PAISES | 490 | 136 | 5.954 |
| TOTAL NON UE | 2.536 | 653 | 23.442 |
| TOTAL EXTRANXEIROS | 4.862 | 1.3278 | 40.212 |

3. A SITUACION ACTUAL NA CORUÑA.


Na provincia da Coruña, comeza o ano 2.008 con 94.198 Autónomos afiliados á Seguridade Social, cifra que descende en **-2.419 afiliacións**, en relación as estadísticas actuais de afiliados publicadas pola Seguridade Social: 91.779 traballadores Autónomos último día de marzo 2009.

Autónomos A Coruña




A gráfica mostra un descenso máis agravante no número de afiliacións de Autónomos o último semestre do 2008 e sobre todo no primeiro trimestre do ano 2009.

Autónomos A Coruña 2008



Durante o ano 2008 o número de afiliados a Seguridade Social no RETA descende en -1.426 Traballadores Autónomos. Comenzamos o ano contabilizando a finais de xaneiro 94.198 Autónomos na provincia da Coruña e o remate de decembro a Seguridade Social contaba con 92.772 traballadores afiliados os RETA.

No ano 2.009, a situación de traballadores afiliados o RETA tamén rexistra un descenso considerable, dos 92.772 traballadores que se contabilizaban a principios de xaneiro do 2009 a os 91.779 traballadores cos que conta a Seguridade Social como traballadores Autónomos a comezos do mes de Abril. (últimos datos estadísticos publicados na paxina da Seguridade Social).



No primeiro trimestre do ano 2009 prodúcese un descenso de afiliacións o RETA de -993 Traballadores menos, resultado final das sumas das altas menos a resta das baixas.

3.1. MOVEMENTO DOS TRABALLADORES NA CORUÑA

A entrada en vigor da Lei 18/2007, en Xaneiro de 2.008, pola que se unifica o Réximen Especial Agrario e o Réximen Especial de Autónomos, fai que o número de altas ó RETA aumente considerablemente no primeiro mes do ano.

E por iso que a provincia da Coruña, pasa de contabilizar 77.804 traballadores a mais de 94.000. O mes de xaneiro 2008 rexistranse na provincia da Coruña case 18.000 altas, das cales a maioría pertencen o REA, Reximen Especial Agrario.

O descenso de Afiliacións de Traballadores Autónomos á Seguridade Social, e mais acusado no segundo semestre do 2008 e primeiros meses do 2009.

RELACIÓN DE ALTAS/BAIXAS NA PROVINCIA


| A CORUÑA | RÉXIME E. DE AUTÓNOMOS | | | |
|-------------------|----------------------------|---------------|--------------|----------------------|
| | Situación fin mes anterior | Altas | Baixas | Situación fin de mes |
| MARZO 09 | 91.916 | 799 | 936 | 91.779 |
| FEBREIRO 09 | 92.169 | 791 | 1.044 | 91.916 |
| XANEIRO 09 | 92.772 | 785 | 1.388 | 92.169 |
| DECEMBRO 08 | 93.135 | 557 | 920 | 92.772 |
| NOVEMBRO 08 | 93.320 | 760 | 945 | 93.135 |
| OUTUBRO 08 | 93.603 | 937 | 1.220 | 93.320 |
| SETEMBRO 08 | 93.905 | 721 | 1.023 | 93.603 |
| AGOSTO 08 | 94.160 | 606 | 861 | 93.905 |
| XULLO 08 | 94.160 | 1.085 | 1.085 | 94.160 |
| XUÑO 08 | 94.309 | 861 | 1.010 | 94.160 |
| MAIO 08 | 94.293 | 921 | 905 | 94.309 |
| ABRIL 08 | 94.428 | 1.068 | 1203 | 94.293 |
| MARZO 08 | 94.322 | 938 | 832 | 94.428 |
| FEBREIRO 08 | 94.198 | 1.032 | 908 | 94.322 |
| XANEIRO 08 | 77.804 | 17.774 | 1.380 | 94.198 |

Facendo referencia ás altas registradas, Xaneiro con 17.774, é o mes que máis altas contabiliza no ano, seguido de Xullo con 1.085, abril con 1.068, e febreiro con 1.032. Os meses de menos altas rexistradas son decembro con 557, e agosto con 606. Nos restantes meses do ano a media de altas ronda os 800 Traballadores Autónomos so na provincia da Coruña.

No primeiro trimestre do 2009 contabilízanse 2.375 altas fronte as 3.368 baixas, unha diferenza negativa de 993 afiliacións menos nas estadísticas da Seguridade Social. A media mensual de altas nos tres primeiros meses é de 791 e a media das baixas é de 1.122.

Se atendemos a relación Altas/Baixas da Provincia da Coruña vemos claramente que a situación empeora desde o mes de Xuño do 2008, anteriormente as altas foron maiores que as baixas agás o mes de Abril. Desde xuño non se volve a repetir esta situación, todos os meses perdense afiliacións sendo as baixas superiores o número de Altas.

Altas/baixas Autónomos A Coruña



En xaneiro do 2009, aumentan considerablemente as baixas de afiliación á Seguridade Social, contabilízanse 1.388, o número máximo de baixas rexistradas nas estadísticas da Seguridade Social dende xaneiro do 2008.


Para o mes de abril contase cunha situación similar, aínda non contamos con datos estadísticos pero as previsións pintan unha situación parecida.

3.2 SITUACIÓN AFILIADOS POR ALTA REXIMENES NA CORUÑA


(media marzo 2009)

| DIRECCIONS | Régimen Xeneral | Régimen Especial (*) Traballadores Autónomos | | Régimen Especial Agrario | Régimen Especial do Mar | | Régimen Esp. Minería Carbón | Régimen Esp. Emplead. Fogar | | TOTAL SISTEMA |
|----------------|-------------------|---|------------------|--------------------------|-------------------------|------------------|-----------------------------|-----------------------------|-----------------|---------------------|
| | | No SETA | SETA | | Cta. Ajena | Cta. Propia | | Continuos | Discont | |
| A Coruña | 325.163,13 | 76.978,95 | 14.880,95 | 1.351,36 | 3.802,90 | 3.103,00 | 19,00 | 5.673,27 | 2.952,36 | 433.924,95 |
| Lugo | 82.380,77 | 24.205,59 | 16.078,63 | 1.386,27 | 1.686,86 | 257,72 | 0,00 | 1.317,22 | 1.566,04 | 128.879,13 |
| Ourense | 76.819,95 | 24.071,68 | 3.764,81 | 360,50 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 1.494,86 | 1.488,59 | 108.000,40 |
| Pontevedra | 266.573,31 | 64.306,68 | 6.393,27 | 1.294,59 | 8.501,72 | 7.636,95 | 0,00 | 4.119,27 | 2.240,68 | 361.066,50 |
| GALICIA | 750.937,18 | 189.562,90 | 41.117,68 | 4.392,72 | 13.991,50 | 10.997,68 | 19,00 | 12.604,63 | 8.247,68 | 1.031.871,00 |

Traballadores A Coruña



Régimen Especial Traballadores Autónomos A Coruña




3.3. AFILIACIONES EN ALTA POR XÉNERO NA CORUÑA


Marzo Ano 2.009

| RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS NORMAL | | | RÉXIMEN E. DE AUTÓNOMOS S.E.T.A. | | |
|--------------------------------|----------|--------|----------------------------------|----------|--------|
| VARONS | MULLERES | TOTAL | VARONS | MULLERES | TOTAL |
| 47.472 | 29.435 | 76.907 | 4.798 | 10.074 | 14.872 |

Réxime E. Autónomos S. Normal




Réxime E. Autónomos S.E.T.A



3.4. AFILIACIONES EN ALTA POR SECTORES DE ACTIVIDADE EN A CORUÑA

Ultimo día Marzo 2009


Seccións de actividade Réxime E. Traballadores Autónomos




3.5. OS AUTÓNOMOS EXTRAXEIROS NA CORUÑA

EVOLUCIÓN DE AFILIACIÓN MEDIA DE EXTRANXEIROS NA CORUÑA


Traballadores Extranxeiros



Afiliados extranxeiros según procedencia



Media de xénero de Autónomos Extranxeiros



4. OS AUTÓNOMOS E AS NOVAS TECNOLOXÍAS.


Debido a falta e información sobre os autónomos da provincia da Coruña en canto o uso das novas tecnoloxías, imos analizar os datos recollidos a nivel nacional nun estudo feito por A Entidade Pública Empresarial Rede.és, adscrita á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Sociedade da Información do Ministerio de Industria Comercio e Turismo que publica a través do Observatorio das Telecomunicacións, o presente informe de **Diagnóstico tecnolóxico sobre o grao de incorporación do profesional autónomo á Sociedade da Información**, é dicir, ao acceso e uso das novas tecnoloxías por este colectivo empresarial.

Infraestructura e conectividade TIC

A dispoñibilidade das tecnoloxías de comunicación e das infraestructuras informáticas por parte do autónomo, medímola según o uso da telefonía fixa e móbil, o uso do fax como ferramenta de comunicación e o uso avanzado de dispositivos móbiles como a PDA

O 64.5 % dos autónomos utilizan a telefonía mobil na súa actividade profesional.,mentras un 47,7% usan a Telefonía móbil empresarial


Infraestructuras e Comunicaci3ns



Entre os autónomos e según datos da enquisa, dispoñen de ordenador o 62.58% dos profesionais. Existen aínda algo máis dun tercio de autónomos que non dispoñen de ordenador para realizar tarefas asociadas a súa actividade. Acompañando o PC como dispositivo informático en términos similares, están disponibles as impresoras, e en menor medida o scanner.

| | | | | |
|---|---------------|----------------|---------------|---------------|
| Asesoría económica e legal | 94.6% | 67.2% | 95.4% | 30.5% |
| Comercio maiorista | 88.9% | 41.4% | 75.6% | 29.3% |
| Comercio minorista | 51.5% | 13.4% | 42.5 | 7.9% |
| Construción e anexos | 43.4 | 19.3% | 48.8% | 6.7% |
| Distribución e transporte | 29.1 | 11.2% | 28.2% | 3.5 |
| Outras actividades profesionais/técnicas | 85.7% | 60.7% | 89.4% | 28.6% |
| Restaurantes/ bares | 28.9% | 6.6% | 19.6% | 4.4% |
| Servicios personais | 40.4% | 16.1% | 37.4 | 5.9% |
| Outros sectores | 62.4% | 35.3% | 64.5% | 23.3% |
| Total Autónomos | 62.58% | 33.321% | 33.32% | 13.10% |

Infraestructura informática




As barreiras a incorporación da tecnoloxía a súa actividade profesional son sobre todo a falta de interese polas tecnoloxías ou a consideración de ser caras, cun coste moi importante na súa implantación e no seu mantemento.

Tamén é verdade que existe un grande descoñecemento das tecnoloxías e as súas posibilidades profesionais para o traballador autónomo.

Aos 42,4% dos autónomos teríamos que mostrarlles as utilidades das novas tecnoloxías. O 52% dos autónomos acceden a Internet e destes, máis do 90% fan visitas varias veces a semana, e tres de cada catro autónomos internautas conéctanse todos os días á rede.


A principal razón que fai que o 47% dos autónomos non teñan accedido a Internet é o non dispoñer de ordenador. Recordamos que un 35% de autónomos non dispoñen de PC.

A segunda razón ten moito que ver co descoñecemento da utilidade de Internet para a súa actividade profesional. Un 46,1% non ven Internet como unha ferramenta útil para o seu traballo.



A ferramenta mais utilizada polos autónomos é sen dúbida o E-mail, un 50.9 % dos autónomos sobre o total ten correo electrónico. Se trasladamos o dato dos autónomos con acceso a Internet a cifra dos autónomos con e-mail elevase ata o 97.7%.

Utilidades de Internet



O principal uso da rede para os autónomos e a búsqueda de información, seguido das xestións bancarias e a relación con clientes/proveedores .


USOS DE INTERNET

| | |
|--------------------------------------|-------|
| Búsqueda de información | 98.3% |
| Xestións bancarias | 67.9% |
| Relacións con clientes/proveed | 67.7% |
| Trámites AA.PP | 25.4% |
| Formación | 18.8% |
| Actividades de marketing | 16.2% |
| Búsqueda de oportunidades de negocio | 15.0% |
| Análisis competencia | 14.5% |

As principais aplicacións instaladas nos ordenadores dos autónomos, aparte da lóxica presenza dos programas de ofimática, son aquelas que soportan xestión de clientes e económica-administrativa, ou sexa de contabilidade, facturación e bases de datos. As bases de datos están incorporadas en dous de cada tres ordenadores e a xestión contable e facturación en algo mais da metade. O 42.5% dos autónomos teñen nos seus ordenadores sistemas específicos asociados a súa actividade profesional.


O autónomo ante o negocio electrónico

Sistemas Informáticos e aplicacións de xestión



Según os datos das enquisas o 15.2% dos autónomos compra por Internet e o 5.1% vende por Internet. Para os autónomos a captación de novos clientes é o principal impulsor, xunto a posibilidades de expansión no seu mercado.

Impulso e-commerce



O futuro das TIC para o profesional autónomo.

Os autónomos reclaman por un lado o acceso a financiación para acometer a inversión de adaptación as novas tecnoloxías, a través de instrumentos financeiros en condicións asequibles ou a través de axudas e subvencións que normalmente tería a súa orixe nas distintas administracións.

Por outro lado sinalan o acceso as tecnoloxías e solucións válidas e rentables para o seu negocio, pero costes asequibles, con precios mais baixos e asumibles para as súas economías.

É destacable a importancia que dan a formación en tecnoloxías, polo feito de coñecer a súa utilidade e formarse no uso das distintas aplicacións que lle poderían axudar no seu traballo profesional.


5. CONCLUSIONES.

A situación dos autónomos na provincia da Coruña durante o ano 2008 e os primeiros meses do ano 2009, queda reflexada neste estudo, baseado nas estadísticas publicadas na páxina web da Seguridade Social e noutros estudos como “Diagnóstico Tecnolóxico sobre a incorporación do profesional autónomo a Sociedade da Información”.

A principios do 2008 produciuse un salto (77.804--94.198) no número de autónomos debido a entrada en vigor da Lei 18/2007 do 4 de xullo que supuxo un incremento de afiliacións de 17.774 traballadores autónomos, a maioría proceden do REA Reximen Especial Agrario.

No 2008 os autónomos da Coruña forman o 40% dos afiliados o RETA de toda a Comunidade Autónoma. A Coruña e a provincia que mais autónomos ten afiliados, a principios de abril do 2009, con 91.779 Autónomos. **Dos 230.493 Autónomos de Galicia un 39,82% son da Coruña**, un 30,64% son de Pontevedra, un 17,47% de Lugo e só un 12,07 de Ourense.

Autónomos finais Marzo 2009



A Provincia da Coruña conta con 94.198 traballadores autónomos afiliados a Seguridade Social a principios do ano 2008, cifra que se reduce os 92.772 Autónomos de finais de ano . O último dato estadístico da páxina da Seguridade Social de Autónomos afiliados na Coruña e de 91.779 Traballadores Autónomos a comezos do mes de Abril do 2009.

O descenso de afiliacións desde principios do ano 2008 situa o número de traballadores en -2.419 afiliacións menos. No 2008 o número de afiliacións baixou en -1.426 traballadores autónomos mentres que nos tres primeiros meses do 2009 o número de autónomos baixa en -993 afiliacións.

Do total de traballadores da Provincia da Coruña 433.924 afiliados a Seguridade Social, uns 76.907 (18%) son Traballadores Autónomos e uns 14.872 (3%) son Traballadores Autónomos pertencentes o SETA.

A gran maioría dos autónomos da provincia de A Coruña , dedícanse o Comercio, uns 21.222 (23%), seguido da Agricultura 16.167 (18%) Construcción, 13.287 (14%) e a Hostalaría, 10.547 (11%).

En canto o xénero no RETA predominan os homes cun 61.73% fronte as mulleres 38.27%, mentras que no SETA a muller e maioría con 67.74% de presenza fronte o 32.26% de homes.

Galicia é a oitava comunidade autónoma do Estado con menos traballadores autónomos extranxeiros, os sectores donde máis encontramos son: Comercio, Reparación de Vehículos de motor, Construcción e Hostalaría. Da Unión Europea destacan o número de Portugueses (1.320), e dos non Europeos, os Chinos (502).

A principios do 2009 contabamos con 40.215 traballadores afiliados extranxeiros en Galicia, na Coruña as estadísticas amosan uns 13.735 un 23,15%. Destes traballadores un 12% son Autónomos 1.666 traballadores por conta propia. Un 60% no proceden da Unión Europea fronte o 40% da Unión Europea.

O Xénero dos Autónomos extranxeiros afiliados na Coruña e maioritariamente masculino con 998 afiliacións fronte as 668 de mulleres.

As novas tecnoloxías están chegando as empresas dos autónomos lentamente. Só un 12,5% usa para o seu traballo diario unha PDA, si usan, máis dun 80% o teléfono fixo e o móbil. O 60% ten ordenador pero só un 47% ten accedido a Internet algunha vez. A gran maioría descoñecen a utilidade de Internet para a súa actividade profesional, e non o ven como unha ferramenta útil para o seu traballo.

Os autónomos reclaman acceso a financiación para poder facer inversións en novas tecnoloxías, e solucións validas e rentables para os seus negocios cun coste asequible.

A importancia da formación en novas tecnoloxías é o máis salientable, xa que a gran barreira que se presenta é o descoñecemento dos beneficios da rede, para os seus negocios, ignorando moitas das suas posibilidades: captación de novos clientes, expansión no mercado, comodidades para facer xestións bancarias, trámites coa Administración, etc.

Queda por tanto aberto o estudo a futuras ampliacións no campo da formación e outras necesidades que os autónomos teñan na actualidade, lembrando o problema actual da economía debido a crise financeira e o descenso do consumo, que directamente afecta a grande parte dos autónomos.